



Idea e produción:

Isabel Vigo Rodríguez
 Carme Campo Martínez
 Ana I. Mateos Vara
 David Conde Lourido
 Ana Estévez Lavandeira
 Belén Sáenz-Chás

Deseño e maquetación:

Juan Feáns

Comunicación:

Elena Mareque

Peza audiovisual:

Seispés Producións Creativas

Edición de vídeo:

Fernando Portela

Deseño multimedia:

Micromedia

Codificación de arquivos:

Sixtema

Corrección de textos:


Samuel Solleiro

Montaxe:

Manuel Vilas Tubío e Víctor Arias-Andreu Jaime

Impresión:

Gran Formato SCQ



CANTAREIRAS
 ORALIDADE - CREACIÓN - TRANSMISIÓN

11 ABRIL - 28 SETEMBRO

Por que facemos esta exposición ?

Adolfina Casás, Rosa Casás (A Vila da Igrexa, Cerceda), Eva Castiñeira (Agranzón, Muxía), Prudencia Garrido, Asunción Garrido, Manuela Lema, Teresa García (Mens, Malpica de Bergantiños) son as mulleres elixidas pola Real Academia Galega para render homenaxe no Día das Letras Galegas 2025 ás cantareiras e á poesía popular oral.

Esta é unha oportunidade única para que o Museo do Pobo Galego celebre, difunda e dignifique este patrimonio e as súas portadoras, a través dos fondos relativos a este tema que a entidade conserva.

Que queremos contar ?

A exposición parte desta candidatura coral para amosar as moitas mulleres creadoras e mantedoras desta parte fundamental do noso patrimonio inmaterial e as súas creacións.

A transmisión, pilar básico deste fenómeno, é o fío condutor que guía este percorrido expositivo. Un camiño pola diversidade de formas, espazos e tempos polos que transita a nosa poesía oral, polo legado das cantareiras e dos cancioneros que recompilan as súas creacións, así como polos procesos de configuración do corpus da lírica musical galega e o papel central das mulleres na súa preservación e difusión.

Como o contamos ?

As gravacións do proxecto de recuperación, catalogación e dixitalización do APOI-Museo do Pobo Galego, o arquivo gráfico, o acervo bibliográfico e documental da entidade e unhas cantas pezas cedidas para a ocasión actúan como narradores duns feitos e dunhas emocións que ligan o pasado co futuro a través delas: as cantareiras.

Contidos

A transmisión

Oralidade e poesía oral

Portadoras e compiladoras:

- Primeiras compilacións
- O Seminario de Estudos Galegos (SEG)
- A compilación de músicas de tradición oral na ditadura.
- Transición e democracia

A poesía oral hoxe

Audiovisual Cantareiras



Actividades vinculadas

Día	Hora	Acto
26 de abril		A voltas co baile. Cantar para bailar
7 de maio	19h00	Conferencia Antón Santamarina. Colaboración con AC O galo
8 de maio	17:00 h	Prende no Colo. Obradoiro para familias
15 de maio	19:00 h	Alvela. Do arquivo ao disco. Conversa con Faia
16 de maio	12:00 h	Gravación programa La Riproposta RNE- Radio Clásica (emisión 17 de maio)
14 de xuño	12:30 h	Concerto As Bouba
18 de xuño	19:00 h	Visita comentada á exposición
29 de xuño	12:00 h	Presentación do vídeo Cantareiras no Auditorio
6 de xullo	11:00 h e 12.30 h	Visita cantada con Hadri e Jenni Felpete pola exposición permanente
10 de xullo	19:00 h	Visita comentada á exposición
22 de agosto	12:00 h	Visita comentada á exposición
13 de setembro	12:30 h	Concerto Raigañas
18 de setembro	19:00 h	Visita comentada á exposición
27 de setembro	19:30 h	Concerto peche exposición: 586 cantos